

INSTRUCCIÓN SOBRE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DOS PROGRAMAS BENOURENSE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

PROGRAMA PROVINCIAL DE ASISTENCIA ECONÓMICA, TÉCNICA E XURÍDICA AOS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2016. (Programa BenOurense).

PROGRAMA PROVINCIAL BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENIÓNS PARA PUNTOS DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DEPENDENTES DE CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2016 (Programa “BenOurense Infancia”).

Nas bases reguladoras de ámbolos dous Programas, publicados no BOP de data 4 de marzo de 2016, recóllese a obriga de información e publicidade sobre aqueles Servizos e/ou actuacións subvencionados a través dos Programas e o compromiso da Deputación de Ourense de remitir as normas precisas para cumprir con esta obriga.

A tales efectos teranse en consideración e serán de obrigado cumprimento o disposto nestas Instrucións:

PRIMEIRA.- Nos centros/concellos/sedes onde se desenvolvan actuacións e/ou traballen os profesionais subvencionados polos programas BenOurense e/o BenOurense Infancia deberase colocar un cartel identificativo, nun lugar de acceso ó público, exterior e con suficiente visibilidade. no que se faga constar a cofinanciación da Deputación de Ourense.

SEGUNDO.- Os carteis/placas, que deberán ter un tamaño mínimo A3, deberán conter, a lo menos, os seguintes elementos:

1. Na parte superior, central, o logo oficial da Deputación de Ourense (o logo tipo oficial poderase baixar dende a dirección web...).
2. Na parte superior, central, cunha altura mínima do 25% da altura do cartel, o logo de BenOurense.

En todo caso, estes logos deberán ter, a lo menos, igual tamaño que o resto de logos que aparezan no cartel/placa.

TERCEIRO.- Calquera documento relativo e/ou vinculado coas actuacións ou profesionais subvencionados con cargo o programa BenOurense e/ou BenOurense Infancia, incluídas as comunicación escritas aos/ás beneficiarios/as ou calqueira outra análoga levarán, de forma visible, a constancia da cofinanciación da Deputación de Ourense, programa BenOurense. A constancia do logos será a mesma que a prevista para os carteis/placas (na parte superior centrada e sempre con igual tamaño, a lo menos, que o resto de logos que poidan apareceren xunto con eles).

No caso de que, con motivo dalgunha das actividades e/ou participación dalgúns dos técnicos subvencionados polo programa BenOurense e BenOurense infancia se realicen certificados de asistencia, diplomas acreditativos, premios ou calquiera outra clase de recoñecemento impreso, haberán de contar co logo oficial da Deputación de Ourense, programa BenOurense, nun lugar visible e con un tamaño proporcionado o resto dos logos que nel se reseñen.

CUARTO.- En caso de que exista un páxina web e/ou a información se realice de forma electrónica (páxina web, comunicación por mail e outros), e/ou material audiovisual (publicidade en radio, presentacións públicas etc) aplicarase, por analogía, o antedito en relación a carteis e/ou publicacións físicas. O logo deberá figurar nun lugar visible, sen que o usuario teña que desplegar toda a web para poder visualízalo.

A Deputación solicitará remisión de material gráfico para a comprobación da observancia destas instrucións, podendo realizar visitas aos lugares e/ou técnicos subvencionados por estes Programas para poder comprobar a existencia das medidas de publicidade e difusión que se indican.

Na memoria final prevista para a xustificación das subvencións obtidas nestes Programas reflectiranse, nun apartado concreto, as medidas de información e publicidade adoptadas e engadiranse fotografías, copias do material de difusión etc que sirvan de soporte.